

# ACHEGAMENTO Á SAÚDE MENTAL DENDE A EDUCACIÓN SOCIAL

**Desenvolvemento cerebral, apego e regulación emocional.  
Trauma, mecanismos de defensa e manexo da  
contratransferencia na intervención socioeducativa**



## 1.- Presentación:

Esta é unha acción formativa deseñada con moito mimo, esforzo, cariño e traballo que se lanzou o ano pasado por vez primeira. Ante o éxito acadado, sobre todo con respecto ao grao de satisfacción das e dos asistentes que, na súa totalidade, describiron a formación como valiosísima para o desempeño profesional e calificaron a súa docente cun 9,5 sobre 10 decidimos que era necesaria unha segunda edición.

No desempeño profesional da Educadora/or Social é habitual atoparse con situacións complexas e de difícil manexo. En moitos dos ámbitos de actuación, a nosa intervención adoita estar dirixida aos colectivos especialmente vulnerables, nos que a súa vida está condicionada en certa medida por eventos traumáticos.

Entender as condutas presentes da persoa desde as experiencias vividas do pasado, permite ao profesional ter unha nova visión sobre o que sucede. Estas novas lentes de ver permiten encaixar aquelas pezas do quebracabezas que ás veces parece non ter solución.

É por iso que ter información sobre saúde emocional e trauma é de especial importancia para facer unha intervención de calidade dentro do contexto social.

Aínda que no traballo directo con estes colectivos é indispensable contar coa devandita formación a realidade é que ter información básica sobre o funcionamento do cerebro, sobre regulación emocional e sobre apego e trauma debería ser importante na formación de calquera profesional cuxa intervención sexa por e para as persoas.

## 2.- Datos básicos da formación:

**Datas e horarios:** 12 de abril, 3 de maio e 7 de xuño do 2024, o horario será de mañá e tarde de 09:30 a 13:30 e de 14:30 a 18:30.

**Duración do curso:** 25 horas de formación certificada a realizar nos 3 venres indicados.

**Modalidade:** Presencial.

**Lugar:** O curso terá lugar na sede do Ceesg en Santiago de Compostela

[R/ Lisboa 20, Baixo C Santiago de Compostela 15707](#)

**Persoas destinatarias:** Prioridade para Educadoras Sociais colexiadas pero aberta a todo o mundo que teña interese na formación.

**Cota de matriculación:** 50€ para Colexiadas e Amigas do Ceesg (ou calquera colexio profesional adscrito ao CGCEES) e 100€ para persoas non colexiadas.

Ingreso na conta de Banco Sabadell ES41-0081-0499-6100-0104-6708

**Idioma:** Castelán

**Inscripcións:** Na páxina [web do Ceesg](#).

**Data límite inscricións:** 1 de abril.

### 3.- Obxectivo:

O obxectivo deste curso non é achegar “pautas máxicas” a situacións complicadas, senón achegar información sobre apego, regulación emocional e trauma que axude a entender certas condutas e expor unha nova visión da intervención con colectivos en risco de exclusión social ou vulnerables de selo.

### 4.- Contidos:

- **Desenvolvemento cerebral**
  - Estrutura cerebral horizontal
  - Estrutura cerebral vertical
  - Conexión e integración cerebral
  
- **Apego e regulación emocional**
  - Teoría do apego
  - Estilos de apego
  - Emocións e xanela de tolerancia emocional
  
- **Trauma**
  - Os traumas de evento único e os traumas de apego
  
- **Mecanismos de defensa**
  
- **Manexo da contratransferencia na intervención**

### 5.- Metodoloxía

Este curso expónse en modalidade presencial, xa que busca ser interactivo e participativo.

Haberá unha presentación teórica de cada módulo, para falar e reflexionar sobre os conceptos expostos. Esta presentación irá acompañada de vídeos que reflectan o explicado, así como de exercicios que axuden a interiorizar a posta en práctica da teoría.

## 6.- Docente:



**Raquel Fernández Domínguez**

Educadora Social Colex. nº 5401

**Diplomada en Educación Social e licenciada en Pedagogía. Experta en trastornos de personalidade e trauma.**

Desde 2009 exerce a súa profesión no Instituto de Investigación e Tratamento do Trauma e os Trastornos de Personalidade (INTRA-TP) e desde 2020 tamén por conta propia.

Conta con formación específica en Apego, trauma e disociación. Ademais, ten 15 anos de experiencia de traballo no ámbito de menores gravemente traumatizados, tanto na intervención coas súas familias, como cos propios menores, e na supervisión de profesionais de recursos de protección á infancia.

Nos últimos anos ofreceu diferentes cursos para a formación de profesionais de centros de protección á infancia da comunidade, así como para a formación de mestres, en temas de Apego, Regulación Emocional e Trauma na infancia. Tamén impartiu charlas para pais en diferentes colexios, traballando así na prevención desde a perspectiva da atención e o coidado emocional dos menores.

Foi relatora en numerosos cursos impartidos a profesionais sobre o tratamento do Trastorno Límite de Personalidade, así como en charlas e obradoiros a familiares de persoas con Trastorno Límite de Personalidade en diferentes cidades de España.



[ceesg.gal](http://ceesg.gal) | 981.552.206